


REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 28/10/2021 14:09:30

SAIDA 16737/21



Reclamante: [REDACTED] en representación da [REDACTED]

Expediente. **RSCTG 106/2021**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da [REDACTED], mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 28 de xuño de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 26 de outubro de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED], en representación da [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo do 28 de xuño de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante o Concello de Moaña, á documental correspondente á totalidade do expediente sobre o cambio de titular, licenzas de obras, reformas, actas do pleno municipal, informe arquitecto



municipal, informe do Secretario/a municipal, e todo o que se poida documentar sobre unha vivenda situada na Praia de O Con en O Fiunchal.

A entidade interesada presenta a súa reclamación por non ter obtido resposta á súa solicitude de acceso á información.

Segundo. Con data do 4 de agosto de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Moaña para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 6 de agosto de 2021.

Terceiro. Con data do 20 de outubro de 2021 o Concello de Moaña contesta a petición remitindo oficio no que comunica que en relación coa solicitude de acceso á informe presentada pola Asociación reclamante sobre as licenzas de obra, expedientes, acordos do Pleno, informes do arquitecto, cambios de titular, que se tivesen producido sobre unha vivenda situada no Fiunchal, dado o volume de documentación solicitado e que incluso pode afectar á protección de datos, está pendente de informe xurídico e de Secretaría antes de trasladarlllo ao solicitante.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 7 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 7 de xaneiro, reconece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 7 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que non consta que o Concello ditase resolución expresa sobre a solicitude de acceso á información, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou acceso ante o Concello, diversa documentación que poida existir sobre unha vivenda situada na Praia de O Con en O Fiunchal, información que en principio, pode considerarse como información pública.

Pola Comisión da Transparencia solicitouse ao Concello a achega do seu criterio respecto da reclamación presentada contra a falla de resolución da solicitude de acceso á información, mediante a remisión de informe e copia do expediente, e recibíuse unicamente un oficio no que se comunica que dado o volume de documentación solicitado e a súa posible afectación á protección de datos, está pendente de informe xurídico e de Secretaría antes de trasladarlllo ao solicitante.

Dado que a información solicitada debe considerarse como información pública, ao tratarse de documentos ou contidos elaborados ou adquiridos no exercicio polo Concello das súas funcións, debe resolver expresamente sobre o acceso, abrindo período de audiencia, se procede, para que os terceiros interesados identificados poidan realizar as alegacións que estimen oportunas, examinando previamente si a información solicitada esta afectada por algún dos límites de acceso previstos na Lei 19/2013, en cuxo caso deberá, de forma motivada,

disociarse os datos de carácter persoal existentes ou eliminar, se procede, os contidos parciais que poidan verse afectados de forma clara polos límites legalmente previstos (artigos 14 e 15 da Lei 19/2013), salvo no caso de que despois da ponderación tamén prevista, se comprobe que debe prevalecer o interese público ou privado que xustifique en calquera caso o acceso (artigos 14.2 da referida Lei), ou si concorre algunha causa de inadmisión na solicitude presentada.

A resolución que se pronuncie, debe formalizarse coa oferta de todas as garantías propias do procedemento de acceso á información pública, entre as que se conta a oferta do correspondente recurso substitutivo.

Debe lembrarse ao Concello de Moaña que, consonte o disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaón de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA


Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] en [REDACTED] con data do 28 de xullo de 2021, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante o Concello de Moaña, á documental correspondente á totalidade do expediente sobre o cambio de titular, licenzas de obras, reformas, actas do pleno municipal, informe arquitecto municipal, informe do Secretario/a municipal, e todo o que se poida documentar sobre unha vivenda situada na Praia de O Con en O Fiunchal.


Segundo: Instar ao Concello de Moaña a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.


Terceiro: Instar ao Concello de Moaña, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.


Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no



 (+34) 981 56 97 40

 info@comisiondatransparencia.gal

 Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

 www.comisiondatransparencia.gal

artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:
S6500009C)

Fecha: 2021.10.28 12:10:05 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.